



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA BOLSA DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE FUNCIONARIOS DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO OPOSICIÓN.

EXPEDIENTE: 2021/G003/000650

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Decreto de alcaldía de data 5/09/2018 aprobou unha bolsa de traballo para futuros nomeamentos de persoal auxiliar administrativo interino (acumulación de tarefas, substitucións de baixas, maternidade, vacacións ou permisos de longa duración, etc).

SEGUNDO. Proposta do delegado de persoal para a creación dunha bolsa de emprego con carácter interino para postos de funcionario da escala de administración xeral, subescala auxiliar, polo procedemento de concurso-oposición de data 12/11/2020.

TERCEIRO. Providencia da alcaldía de incoación do expediente de data 14/12/2020.

CUARTO. Informe de secretaría de data 14/12/2020.

QUINTO. Bases que deben rexer a convocatoria de data 17/12/2020.

SEXTO. Informe-proposta de secretaría de data 17/12/2020.

SÉTIMO. Publicación das bases da convocatoria no BOP nº 220 do mércores 23 de decembro de 2020.

OITAVO. Resolución de Alcaldía nº 208/2021 de 18/02/2021 de Lista provisional admitidos/as e excluídos/as para a bolsa de emprego con carácter interino para postos de funcionario da escala de administración xeral, subescala auxiliar, polo procedemento de concurso-oposición.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus arts. 231 e seguintes; Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos seus arts. 21.1.g), 91, 103 e 104; Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, nos seus arts. 177 e seguintes; Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, na súa Disposición Adicional Segunda; Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados para o ano 2020, no seu art. 19.dous; Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Betanzos, (publicado no BOP nº. 66, do 06.04.2017).

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Vistas as actas dos distintos tribunais de realización e valoración das probas da fase de oposición e da valoración de méritos, e os respectivos anuncios publicados na páxina web e na sede electrónica do Concello de Betanzos coa relación de candidatos por orde de puntuación coa proposta da lista definitiva da bolsa de emprego.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

SEGUNDA. O Decreto de alcaldía de data 5/09/2018 aprobou unha bolsa de traballo para futuros nomeamentos de persoal auxiliar administrativo interino (acumulación de tarefas, substitucións de baixas, maternidade, vacacións ou permisos de longa duración, etc) en calquera departamento municipal, cunha duración de cinco anos dende a data da citada resolución, é dicir ata o 04/09/2023.

A meirande parte dos seus integrantes está de baixa temporal na lista polo que o seu funcionamento é practicamente inexistente ata que soliciten a súa reincorporación á bolsa de emprego.

Xa que logo, esta lista prevalecerá no caso de facer chamamentos de persoal temporal.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista definitiva coa orde e cos integrantes da bolsa de emprego con carácter interino para postos de funcionario da escala de administración xeral, subescala auxiliar, polo procedemento de concurso-oposición:

POSTO	APELIDO E NOME	1º Exercicio	2º Exercicio	Concurso	TOTAL
1	MUÍÑO OTERO VANESSA	13,00	15,00	4,80	32,80
2	SEIJAS FERNÁNDEZ SILVIA	13,00	13,50	1,52	28,02
3	CASTIÑEIRA VILARIÑO LAURA	14,00	7,90	5,94	27,84
4	CUADRADO SAAVEDRA ALEJANDRA	11,50	7,90	8,10	27,50
5	RODRÍGUEZ FERRO LUIS	13,50	8,00	5,80	27,30
6	ARES CAMPELLO SANDRA MARÍA	14,00	9,75	2,20	25,95
7	DIÉGUEZ RODRÍGUEZ SONIA	12,50	7,50	2,80	22,80
8	MUÑOZ FERNÁNDEZ DAVID	9,50	10,50	2,70	22,70
9	SOBRINO REIGOSA SANDRA	13,50	9,00	0,00	22,50
10	SANTAMARIÑA CADAVEIRA MÓNICA	11,50	10,15	0,70	22,35
11	PARRA DÍAZ CELIA	13,00	8,25	0,80	22,05
12	CASCALLAR RIVAS SONIA	12,50	7,75	1,60	21,85
13	CALVETE GERPE TATIANA	12,50	9,00	0,00	21,50
14	SÁNCHEZ OUSINDE LETICIA	12,00	9,00	0,30	21,30
15	LEIRO MOURIÑO SERGIO	11,50	8,25	0,00	19,75
16	FERNÁNDEZ GARCÍA LAURA	10,50	9,00	0,00	19,50
17	CASTELO FERNÁNDEZ SILVIA	11,00	7,90	0,00	18,90
18	CALVIÑO DORADO MÓNICA	9,00	9,00	0,40	18,40
19	RODRÍGUEZ PÍA MARTA	8,00	9,00	1,40	18,40
20	GÓMEZ PÉREZ TAMARA	7,50	7,50	0,00	15,00



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

SEGUNDO.- A vixencia da citada bolsa será de tres anos a contar dende o día de nomeamento do primeiro aspirante coma funcionario/a interino/a.

TERCEIRO.- A presente bolsa de emprego é complementaria á aprobada por decreto de Alcaldía o 05/09/2018 e que segue vixente ata o 04/09/2023 coma principal, polo que en primeiro lugar farase o nomeamento ós aspirantes activos da bolsa principal.

Se non houberse aspirantes na bolsa principal, pasarase á Bolsa complementaria aprobada na presente resolución e procederase segundo o punto 2 da base oitava da convocatoria que entre outras dí “o nomeamento do candidato que ocupe o primeiro lugar da lista na Bolsa de Emprego, agás que renuncie ou non conteste, en cuxo caso se nomeará ao seguinte candidato da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente. A renuncia é obrigatoria sendo válida por fax, correo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no Concello”

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).